$$\int_0^1 (ax^3 - 3ax)\, dx = \frac{5}{4}$$

$$-\frac{5a}{4} = \frac{5}{4}$$

$a = -1$

$f(x) = -x^3 + 3x$



Para profundar

132. A recta de ecuación $3x - y + 2 = 0$ é tanxente á parábola de ecuación $y = ax^2 + c$ no punto $P(1, 5)$.

a) Calcula as constantes **a** e **c** da ecuación da parábola describindo o procedemento que sigas.

b) Debuxa a rexión plana limitada polo eixe Y, a parábola e a recta tanxente.

c) Calcula a área da rexión descrita no apartado anterior.

Solución:

a) A pendente da recta é: $m = 3$

A derivada da parábola é: $y' = 2ax$

Polo tanto, para $x = 1 \Rightarrow 2a = 3 \Rightarrow a = \dfrac{3}{2}$

Se a parábola pasa polo punto $P(1, 5)$, dedúcese que:

$c = \dfrac{7}{2}$

b) Debuxo:



c) $\displaystyle\int_0^1 \left(\frac{3x^2}{2} + \frac{7}{2} - 3x - 2 \right) dx = \frac{1}{2}$

$$\text{Área} = \frac{1}{2} = 0{,}5\ u^2$$

133. A figura que aparece a continuación representa a gráfica dunha función f: [0, 7] $\to \mathbb{R}$:



Sexa F: [0, 7] $\to \mathbb{R}$ a función definida por:

$$F(x) = \int_0^x f(t)\,dt$$

a) Calcula F(4) e F(7).

b) Debuxa a gráfica F(x) explicando como o fas.

Solución:

a) F(4) é a área comprendida entre o eixe X e a función no intervalo [0, 4], F(4) = 4 u^2.

F(7) obtense como F(4), pero hai media unidade máis positiva e unha e media negativa, F(7) = 3 u^2.

A fórmula de F(x) é:

• No intervalo [0, 4] é:

$$f(t) = 1 \Rightarrow F(x) = x$$

• No intervalo [4, 6] é:

$$f(t) = -x + 5 \Rightarrow F(x) = -\frac{x^2}{2} + 5x + k_1$$

coa condición de que debe pasar polo punto P(4,4). De onde se obtén que $k_1 = -8$.

$$F(x) = -\frac{x^2}{2} + 5x - 8$$

• No intervalo [6, 7] é:

$$f(t) = -1 \Rightarrow F(x) = -x + k_2$$

coa condición de que debe pasar polo punto P(6, 4). De onde se obtén que $k_2 = 10$.

$$F(x) = -x + 10$$

$$F(x) = \begin{cases} x & \text{se } 0 \le x \le 4 \\ -\dfrac{x^2}{2} + 5x - 8 & \text{se } 4 < x < 6 \\ -x + 10 & \text{se } 6 \le x \le 7 \end{cases}$$

b)



134. Atopa a recta tanxente á curva de ecuación $y = x^3 - 3x$ no punto de abscisa $x = -1$.

Debuxa o recinto limitado por esta recta tanxente e a curva dada e calcula a súa área.

Solución:



A recta tanxente no punto de abscisa $x = -1$ é $y = 2$.

$$\int_{-1}^{2} (2 - x^3 + 3x)\,dx = \frac{27}{4}$$

$$\text{Área} = \frac{27}{4} = 6{,}75 \text{ u}^2$$

135. Calcula a área da rexión limitada polas curvas: $y = e^x$, $y = e^{-x}$, e a recta: $x = 1$

Solución:



$$\int_0^1 (e^x - e^{-x})\,dx = e + \frac{1}{e} - 2$$

$$\text{Área} = e + \frac{1}{e} - 2 = 1{,}09 \text{ u}^2$$

136. Na figura aparece unha curva que representa unha función polinómica de grao 2. Os puntos de intersección da curva co eixe X son o A(1, 0) e o B(3, 0). Ademais, a área limitada pola curva e os dous eixes coordenados vale 4/3. Atopa a expresión desta función.



Solución:

$$f(x) = a(x - 1)(x - 3)$$

$$f(x) = a(x^2 - 4x + 3)$$

$$a\int_0^1 (x^2 - 4x + 3)\,dx = -\frac{4}{3} \Rightarrow a = -1$$

$$f(x) = -x^2 + 4x - 3$$

137. Debuxa coa maior exactitude posible as gráficas das funcións $f(x) = 3x^2 - 6x$ e $g(x) = -x^2 + 6x - 8$. Representa o recinto limitado por ambas as funcións e obtén a súa área.

Solución:



Raíces: $x_1 = 1, x_2 = 2$

$$\int_1^2 (-4x^2 + 12x - 8)\, dx = \frac{2}{3}$$

$$\text{Área} = \frac{2}{3} = 0{,}67 \text{ u}^2$$

138. Representa graficamente o recinto plano limitado pola curva $y = x^3 - x$ e a súa recta tanxente no punto de abscisa $x = 1$. Calcula a súa área.

Solución:

A ecuación da recta tanxente no punto P(1, 0) é:

$$y = 2x - 2$$



$$\int_{-2}^1 (x^3 - 3x + 2)\, dx = \frac{27}{4}$$

$$\text{Área} = \frac{27}{4} = 6{,}75 \text{ u}^2$$

139. Determina a área comprendida entre a curva $y = x^2$, a curva $y = \sqrt{x}$ e a recta que pasa polos puntos A(2, 4) e B(4, 2).

Solución:



Raíces: $x_1 = 1, x_2 = 2, x_3 = 4$

$$\int_1^2 \left(x^2 - \sqrt{x}\right) dx = 3 - \frac{4\sqrt{2}}{3}$$

$$\int_2^4 \left(6 - x - \sqrt{x}\right) dx = \frac{4\sqrt{2}}{3} + \frac{2}{3}$$

$$\text{Área} = \frac{11}{3} = 3{,}67 \text{ u}^2$$

140. Calcula o valor de $a > 0$ para que:

$$\int_0^3 \frac{1}{x + a}\, dx = 5$$

Solución:

$$\int_0^3 \frac{1}{x + a}\, dx = L\,(3 + a) - L\,a = L\,\frac{3 + a}{a}$$

$$L\,\frac{3 + a}{a} = 5 \Rightarrow \frac{3 + a}{a} = e^5 \Rightarrow a = \frac{3}{e^5 - 1}$$

141. Considéranse as curvas $y = x^2$ e $y = a$, onde **a** é un número real comprendido entre 0 e 1($0 < a < 1$). Ambas as curvas córtanse no punto (x_0, y_0) con abscisa positiva. Atopa **a** sabendo que a área encerrada entre ambas as curvas dende $x = 0$ ata $x = x_0$ é igual á encerrada entre elas dende $x = x_0$ ata $x = 1$.

Solución:



Ao punto (x_0, y_0) pódeselle chamar: $\left(\sqrt{a}, a\right)$

$$\int_0^{\sqrt{a}} (a - x^2)\, dx = \int_{\sqrt{a}}^1 (x^2 - a)\, dx$$

$$\frac{2}{3}a\sqrt{a} = \frac{2}{3}a\sqrt{a} - a + \frac{1}{3}$$

$$a = \frac{1}{3}$$

142. Considera a función f: $\mathbb{R} \to \mathbb{R}$ definida por:

$$f(x) = 2 + x - x^2$$

Calcula **a**, $a < 2$, de forma que: $\displaystyle\int_a^2 f(x)\, dx = \frac{9}{2}$

Solución:



$$\int_a^2 (2 + x + x^2)\,dx = \frac{9}{2}$$

$$\frac{a^3}{3} - \frac{a^2}{2} - 2a + \frac{10}{3} = \frac{9}{2} \Rightarrow a = -1, a = \frac{7}{2}$$

O valor $a < 2$ é: $a = -1$

143. Da gráfica da función polinómica $f: \mathbb{R} \to \mathbb{R}$ dada por:

$$f(x) = x^3 + ax^2 + bx + c$$

coñécense os seguintes datos: que pasa pola orixe de coordenadas e que nos puntos de abscisas 1 e –3 ten tanxentes paralelas á bisectriz do segundo e cuarto cuadrantes.

a) Calcula **a**, **b** e **c**.

b) Debuxa o recinto limitado pola gráfica da función f(x) e o eixe de abscisas, e calcula a súa área.

Solución:

a) $a = 3, b = -10, c = 0$

$f(x) = x^3 + 3x^2 - 10x$

b) Debuxo:



Raíces: $x_1 = -5, x_2 = 0, x_3 = 2$

$$F(x) = \frac{x^4}{4} + x^3 - 5x^2$$

$$F(-5) = -\frac{375}{4}, F(0) = 0, F(2) = -8$$

$$\text{Área} = \frac{407}{4} = 101{,}75 \text{ u}^2$$

144. Determina unha constante positiva **a** sabendo que a figura plana limitada pola parábola $y = 3ax^2 + 2x$, a recta $y = 0$ e a recta $x = a$ ten área $(a^2 - 1)^2$.

Solución:

A parábola pasa pola orixe de coordenadas.



$$\int_0^a (3ax^2 + 2x)\,dx = a^4 + a^2$$

Por tanto:

$a^4 + a^2 = (a^2 - 1)^2$

Ao resolver esta ecuación, obtense:

$$a = \frac{\sqrt{3}}{3}, a = -\frac{\sqrt{3}}{3}$$

Só se toma o resultado positivo, como indica o enunciado do problema.

Paso a paso

145. Calcula a seguinte integral indefinida:

$$\int (e^{5x} + x^2)\, dx$$

Solución:
Resolto no libro do alumnado.

146. Calcula a integral:

$$F(x) = \int (2x - 5)\, dx$$

Atopa a primitiva que pase polo punto P(4, 3).

Representa a primitiva obtida para comprobar que pasa por este punto.

Solución:
Resolto no libro do alumnado.

147. Debuxa e calcula a área do recinto limitado polo eixe X e a función $f(x) = x^2 - 2x - 3$ no intervalo [1, 4].

Solución:
Resolto no libro do alumnado.

148. **Internet**. Abre: **www.xerais.es** e elixe **Matemáticas**, **curso** e **tema**.

Practica

149. $\int (x^3 - 6x^2 + 1)\, dx$

Solución:

Exercicio 149

$$\int (x^3 - 6x^2 + 1)\, dx \rightarrow \frac{1}{4} \cdot x^4 - 2 \cdot x^3 + x$$

150. $\int \frac{5}{x^3}\, dx$

Solución:

Exercicio 150

$$\int \frac{5}{x^3}\, dx \rightarrow \frac{-5}{2 \cdot x^2}$$

151. $\int \frac{1}{(3x + 5)^2}\, dx$

Solución:

Exercicio 151

$$\int \frac{1}{(3x + 5)^2}\, dx \rightarrow \frac{-1}{9 \cdot x + 15}$$

152. $\int 5 \cdot 7^{5x}\, dx$

Solución:

Exercicio 152

$$\int 5 \cdot 7^{5x}\, dx \rightarrow \frac{7^{5 \cdot x}}{\ln(7)}$$

153. $\int \frac{1}{(x + 3)^2}\, dx$

Solución:

Exercicio 153

$$\int \frac{2}{(x + 3)^2}\, dx \rightarrow \frac{-2}{x + 3}$$

154. $\int (e^{x/5} + x^2)\, dx$

Solución:

Exercicio 154

$$\int \left(e^{\frac{x}{5}} + x^2\right) dx \rightarrow 5 \cdot e^{\frac{x}{5}} + \frac{x^3}{3}$$

155. Calcula a integral: $F(x) = \int (3x^2 - 4x - 1)\,dx$

Atopa a primitiva que pase polo punto P(2, 1). Representa a primitiva obtida para comprobar que pasa por este punto.

Solución:

Exercicio 155

$f(x) = 3x^2 - 4x - 1 \;\rightarrow\; x \mapsto 3\cdot x^2 - 4\cdot x - 1$

$F(x) = \int f(x)\,dx \;\rightarrow\; x \mapsto x^3 - 2\cdot x^2 - x$

$P = \text{punto}(2, 1) \;\rightarrow\; (2, 1)$

Substituímos o punto P(2, 1)

$\text{resolver}(F(2) + k = 1) \;\rightarrow\; \{\{k=3\}\}$

A función é :

$F(x) = F(x) + 3 \;\rightarrow\; x \mapsto x^3 - 2\cdot x^2 - x + 3$

debuxar(F(x), {cor = negro, anchura_liña = 2})

debuxar(P, {cor = negro, tamaño_punto = 8})



156. Debuxa o recinto correspondente e calcula a seguinte integral definida:

$$\int_2^5 (x - 1)\,dx$$

Observa e xustifica o signo do valor obtido.

Solución:

Problema 156

$f(x) = x - 1 \;\rightarrow\; x \mapsto x - 1$

debuxar(x = 2, {cor = negro, anchura_liña = 2})

debuxar(x = 5, {cor = negro, anchura_liña = 2})

debuxar(f(x), {cor = negro, anchura_liña = 2})

$\text{resolver}(f(x) = 0) \;\rightarrow\; \{\{x=1\}\}$

Hai unha soa rexión no intervalo [2, 5]

$\int_2^5 f(x)\,dx \;\rightarrow\; \frac{15}{2}$

O signo é positivo porque a rexión está enriba do eixe X.



157. Debuxa o recinto correspondente e calcula a seguinte integral definida:

$$\int_1^4 (x^2 - 6x + 4)\,dx$$

Observa e xustifica o signo do valor obtido.

Solución:

Problema 157

$f(x) = x^2 - 6x + 4 \;\rightarrow\; x \mapsto x^2 - 6\cdot x + 4$

debuxar(x = 1, {cor = negro, anchura_liña = 2})

debuxar(x = 4, {cor = negro, anchura_liña = 2})

debuxar(f(x), {cor = negro, anchura_liña = 2})

$\text{resolver}(f(x) = 0) \;\rightarrow\; \{\{x = -\sqrt{5} + 3\}, \{x = \sqrt{5} + 3\}\}$

Hai unha soa rexión no intervalo [1, 4]

$\int_1^4 f(x)\,dx \;\rightarrow\; -12$

O signo é negativo porque a rexión está debaixo do eixe X.



158. Debuxa o recinto correspondente e calcula a seguinte integral definida.

$$\int_{-4}^{4} |x|\, dx$$

Solución:

Problema 158

$f(x) = |x| \;\rightarrow\; x \mapsto |x|$

debuxar(x = −4, {cor = negro, anchura_liña = 2})

debuxar(x = 4, {cor = negro, anchura_liña = 2})

debuxar(f(x), {cor = negro, anchura_liña = 2})

$\int_{-4}^{4} f(x)\, dx \;\rightarrow\; 16$



159. Debuxa o recinto limitado polas seguintes funcións e calcula a súa área.

$f(x) = 4 - x^2$ $\qquad$ $g(x) = 2x + 1$

Solución:

Problema 159

$f(x) = 4 - x^2 \;\rightarrow\; x \mapsto -x^2+4$

$g(x) = 2x + 1 \;\rightarrow\; x \mapsto 2 \cdot x+1$

debuxar(f(x), {cor = negro, anchura_liña = 2})

debuxar(g(x), {cor = negro, anchura_liña = 2})

resolver(f(x) = g(x)) $\rightarrow$ {{x=−3}, {x=1}}

$\int_{-3}^{1} (f(x) - g(x))\, dx \;\rightarrow\; \frac{32}{3}$

Área = $\frac{32}{3}$ u^2



160. Debuxa e calcula a área do recinto limitado polo eixe X e a función:

$$f(x) = -x^3 + x^2 + 2x$$

Solución:

Problema 160

$f(x) = -x^3 + x^2 + 2x \rightarrow x \mapsto -x^3 + x^2 + 2 \cdot x$

debuxar(f(x), {cor = negro, anchura_liña = 2})

debuxar(y = 0, {cor = negro, anchura_liña = 2})

resolver(f(x) = 0) $\rightarrow$ {{x=−1}, {x=0}, {x=2}}

Hai dúas rexións nos intervalos [−1, 0] e [0, 2]

$$\int_{-1}^{0} f(x)\,dx \rightarrow -\frac{5}{12}$$

$$\int_{0}^{2} f(x)\,dx \rightarrow \frac{8}{3}$$

$$\left|-\frac{5}{12}\right| + \left|\frac{8}{3}\right| \rightarrow \frac{37}{12}$$

$$\frac{37.}{12} \rightarrow 3.0833$$

$$\text{Área} = \frac{37}{12}\,u^2 = 3{,}08\,u^2$$



161. Unha fábrica produce chips para ordenadores. A función de ingreso marxinal vén dada por:

$$i(x) = 3 + \frac{2}{x + 1}$$

onde **x** é o número de chips vendidos e **i(x)** vén dado en euros. Se a fábrica vende 10 000 unidades, cales son os ingresos obtidos?

Debuxa a rexión correspondente aos ingresos obtidos.

Solución:

Problema 161

$i(x) = 3 + \frac{2}{x+1} \rightarrow x \mapsto \frac{3 \cdot x + 5}{x + 1}$

taboleiro{centro = punto(5000, 1), anchura = 11000, altura = 6}

debuxar(x = 0, {cor = negro, anchura_liña = 2})

debuxar(x = 10000, {cor = negro, anchura_liña = 2})

debuxar(i(x), {cor = negro, anchura_liña = 2})

resolver(f(x) = 0) $\rightarrow$ {□}

Hai unha única rexión no intervalo [0, 12]

$$\int_{0}^{10000} i(x)\,dx \rightarrow 30018.$$

Ingresos = 30018 €



162. Calcula a área encerrada polas funcións:

$$f(x) = x^3 + 3x^2,\ g(x) = x + 3$$

Solución:

Problema 162

$f(x) = x^3 + 3x^2 \rightarrow x \mapsto x^3 + 3 \cdot x^2$

$g(x) = x + 3 \rightarrow x \mapsto x + 3$

resolver$(f(x) = g(x)) \rightarrow \{\{x=-3\}, \{x=-1\}, \{x=1\}\}$

debuxar(f(x), {cor = negro, anchura_liña = 2})

debuxar(g(x), {cor = negro, anchura_liña = 2})

debuxar(x = −3, {cor = negro, anchura_liña = 2})

debuxar(x = −1, {cor = negro, anchura_liña = 2})

debuxar(x = 1, {cor = negro, anchura_liña = 2})

$$\int_{-3}^{-1} (f(x) - g(x))\, dx \rightarrow 4$$

$$\int_{-1}^{1} (f(x) - g(x))\, dx \rightarrow -4$$

Área $= |4| + |-4| \rightarrow 8$

Área= 8 u^2



163. Nunha cidade de 500 000 habitantes, estímase que a velocidade de enfermos por día que hai nunha epidemia de gripe, segue a función:

$$f(x) = 2x + 20$$

onde **x** se mide en días e f(x) en miles de persoas cada día.

Calcula o número de persoas que enfermarán entre o segundo día e o quinto día.

Solución:

Problema 163

$f(x) = 2x + 20 \rightarrow x \mapsto 2 \cdot x + 20$

resolver$(f(x) = 0) \rightarrow \{\{x=-10\}\}$

taboleiro{centro = punto(2.5, 15), anchura = 6, altura = 40}

debuxar(f(x), {cor = negro, anchura_liña = 2})

debuxar(x = 2, {cor = negro, anchura_liña = 2})

debuxar(x = 5, {cor = negro, anchura_liña = 2})

$$\int_{2}^{5} f(x)\, dx \rightarrow 81$$

Haberá en total 81000 enfermos.



164. O ritmo de crecemento dunha determinada poboación de peixes vén dado pola función:

$$f(x) = -x^2 + 2x + 8$$

onde **x** se mide en meses e f(x) en miles de peixes por cada mes.

Calcula o crecemento de peixes nos tres primeiros meses.

Solución:

Problema 164

$f(x) = -x^2 + 2x + 8 \Rightarrow x \mapsto -x^2+2\cdot x+8$

resolver(f(x) = 0) $\Rightarrow$ {{x=−2}, {x=4}}

taboleiro{centro = punto(1.5, 5), anchura = 4, altura = 12}

debuxar(f(x), {cor = negro, anchura_liña = 2}) 2})

debuxar(x = 0, {cor = negro, anchura_liña = 2})2})

debuxar(x = 3, {cor = negro, anchura_liña = 2}) 2})

$\int_0^3 f(x)\,dx \Rightarrow 24$

A poboación creceu en 24000 peixes.



165. Estímase que o ritmo de crecemento dun feto durante o embarazo vén dado pola función:

$$f(x) = -\frac{x^2}{200} + \frac{x}{5}$$

onde **x** se mide en semanas e f(x) en centímetros por semana. Calcula canto creceu o feto nas 30 primeiras semanas.

Solución:

Problema 165

$f(x) = -\frac{x^2}{200} + \frac{x}{5} \Rightarrow x \mapsto -\frac{1}{200}\cdot x^2 + \frac{1}{5}\cdot x$

resolver(f(x) = 0) $\Rightarrow$ {{x=0}, {x=40}}

taboleiro{centro = punto(15, 1), anchura = 35, altura = 3}

debuxar(f(x), {cor = negro, anchura_liña = 2})

debuxar(x = 0, {cor = negro, anchura_liña = 2})

debuxar(x = 30, {cor = negro, anchura_liña = 2})

$\int_0^{30} f(x)\,dx \Rightarrow 45$

Creceu 45 cm.



1. Dada a función $f(x) = 4 - 3x^2 + x^3$, determina:

a) A monotonía e a curvatura de f(x).

b) Os puntos onde a función alcanza os seus extremos relativos.

c) A ecuación da recta tanxente á gráfica de f(x) no punto de abscisa $x = -1$.

Solución:

a) Calcúlanse a 1ª derivada para estudar a monotonía e a 2ª derivada para a curvatura:

$f'(x) = -6x + 3x^2$

$f''(x) = -6 + 6x$

Estudo da monotonía:

$f'(x) = 0 \Rightarrow 3x^2 - 6x = 0 \Rightarrow 3x(x-2) = 0 \Rightarrow x = 0, x = 2$

Se $x = 0 \Rightarrow f(0) = 4 - 3 \cdot 0^2 + 0^3 = 4 \Rightarrow A(0, 4)$

Se $x = 2 \Rightarrow f(0) = 4 - 3 \cdot 2^2 + 2^3 = 0 \Rightarrow B(2, 0)$

$x = 1 \Rightarrow f'(1) = 3 \cdot 1^2 - 6 \cdot 1 = 3 - 6 = -3 < 0$ (–)

f'(x)	+		–		+
x		0		2	

Crecente (↗): $(-\infty, 0) \cup (2, +\infty)$

Decrecente: (↘): $(0, 2)$

Estudo da curvatura:

$f''(x) = 0 \Rightarrow 6x - 6 = 0 \Rightarrow x = 1$

Se $x = 1 \Rightarrow f(1) = 4 - 3 \cdot 1^2 + 1^3 = 2 \Rightarrow C(1, 2)$

$x = 0 \Rightarrow f''(0) = 6 \cdot 0 - 6 = -6 < 0$ (–)

f'(x)	–		+
x	0	1	

Convexa (∪): $(1, +\infty)$

Cóncava (∩): $(-\infty, 1)$

b) **Extremos relativos:**

$f''(0) = 6 \cdot 0 - 6 = -6 < 0$ (–) $\Rightarrow$ **A(0, 4) é un máximo relativo.**

$f''(2) = 6 \cdot 2 - 6 = 6 > 0$ (+) $\Rightarrow$ **B(2, 0) é un mínimo relativo.**

c) **Ecuación recta tanxente:**

Se $x = -1 \Rightarrow f(-1) = 4 - 3 \cdot (-1)^2 + (-1)^3 = 0 \Rightarrow P(-1, 0)$

$f'(-1) = 3(-1)^2 - 6(-1) = 9$

A recta tanxente é:

$y - 0 = 9(x + 1) \Rightarrow y = 9x + 9$

2. Dada a función:

$$f(x) = \begin{cases} |x+2| & \text{se } x \le -1 \\ k & \text{se } -1 < x < 1 \\ (x-2)^2 & \text{se } x \ge 1 \end{cases}$$

a) Atopa o valor de **k** para que a gráfica sexa continua para $x = -1$.

b) Para ese valor de **k**, debuxa a gráfica.

c) Calcula a área do recinto limitado pola gráfica de f e o eixe de abscisas.

Solución:

a) $$f(x) = \begin{cases} -x-2 & \text{se } x \le -2 \\ x+2 & \text{se } -2 < x \le -1 \\ k & \text{se } -1 < x < 1 \\ (x-2)^2 & \text{se } x \ge 1 \end{cases}$$

A función está definida por catro funcións polinómicas que son continuas en todo $\mathbb{R}$. Os únicos puntos nos que pode haber problemas son os valores nos que cambia a definición. En concreto, $x = -1, x = 1$.

Para que sexa continua os límites laterais deben coincidir e ser iguais ao valor da función.

En $x = -1$:

$f(-1) = 1$

$$\left.\begin{array}{l} \lim\limits_{x \to -1^-} f(x) = \lim\limits_{x \to -1^-} (x+2) = 1 \\ \lim\limits_{x \to -1^+} f(x) = \lim\limits_{x \to -1^+} k = k \end{array}\right\} \Rightarrow k = 1$$

En $x = 1$:

$f(1) = 1$

$$\left.\begin{array}{l} \lim\limits_{x \to 1^-} f(x) = \lim\limits_{x \to 1^-} k = k \\ \lim\limits_{x \to 1^+} f(x) = \lim\limits_{x \to 1^+} (x-2)^2 = 1 \end{array}\right\} \Rightarrow k = 1$$

Para $k = 1$ a función é continua.

b)



c)



$f(x) = 0 \Leftrightarrow x = -2, x = 2$

$$F(x) = \begin{cases} -\dfrac{x^2}{2} - 2x & \text{se } x \le -2 \\ \dfrac{x^2}{2} + 2x & \text{se } -2 < x \le -1 \\ x & \text{se } -1 < x < 1 \\ \dfrac{x^3}{3} - 2x^2 + 4x & \text{se } x \ge 1 \end{cases}$$

$$A_1 = \left|\int_{-2}^{-1} (x + 2)\, dx\right| = |F(-1) - F(-2)| = \frac{1}{2}$$

$$A_2 = \left|\int_{-1}^{1} dx\right| = |F(1) - F(-1)| = 2$$

$$A_3 = \left|\int_{1}^{2} (x - 2)^2\, dx\right| = |F(2) - F(1)| = \frac{1}{3}$$

$$A = \frac{1}{2} + 2 + \frac{1}{3} = \frac{17}{6}\ u^2$$

3. a) Se f' é a derivada da función dada por:

$$f(x) = 2x^3 - 6x^2 + \frac{3}{x^4} \quad (x \neq 0), \text{ calcula } f'(-2).$$

b) Debuxa a función $f(x) = 2x^3 - 6x^2$. Obtén a área que limitan a curva e o eixe X entre x = 2 e x = 4.

Solución:

a) $f'(x) = 6x^2 - 12x - \dfrac{12}{x^5}$

$f'(-2) = \dfrac{387}{8}$

b)



$f(x) = 0 \Rightarrow x = 0, x = 3$

$$F(x) = \int (2x^3 - 6x^2)\, dx = \frac{1}{2}x^4 - 2x^3$$

$$F(2) = -8; F(3) = -\frac{27}{2}; F(4) = 0$$

$$A_1 = \left|\int_{2}^{3} (2x^3 - 6x^2)\, dx\right| = |F(3) - F(2)| = \frac{11}{2}$$

$$A_2 = \left|\int_{3}^{4} (2x^3 - 6x^2)\, dx\right| = |F(4) - F(3)| = \frac{27}{2}$$

$$\text{Área} = \frac{11}{2} + \frac{27}{2} = 19\ u^2$$

4. O custo de fabricación en euros de **x** unidades dun artigo vén dado pola función:

$$f(x) = x - 2\sqrt{x} + 20$$

a) Cal é a función que determina o custo de fabricación unitario?

b) Para que produción resulta mínimo o custo unitario? Canto vale este? Xustifica que é mínimo.

Solución:

a) Custo de fabricación unitario.

$$c(x) = \frac{f(x)}{x} = \frac{x - 2\sqrt{x} + 20}{x} = 1 - \frac{2\sqrt{x}}{x} + \frac{20}{x}$$

$$c(x) = 1 - \frac{2\sqrt{x}}{x} + \frac{20}{x}$$

b) Mínimo custo unitario.

$$c'(x) = \frac{\sqrt{x}}{x^2} - \frac{20}{x^2} \Rightarrow c'(x) = 0 \Rightarrow \frac{\sqrt{x}}{x^2} - \frac{20}{x^2} = 0 \Rightarrow$$

$x = 400$

$$c''(x) = -\frac{3\sqrt{x}}{2x^3} + \frac{40}{x^3} \Rightarrow c''(400) = 1/6\,400\,000 > 0 \Rightarrow$$

mínimo relativo.

Para x = **400 unidades** é mínimo.

c(400) = **1/6 400 000 € cada unidade.**

5. Supoñamos que temos un arame de lonxitude **a** e querémolo dividir en dúas partes que van servir de base a cadanseu rectángulo. Nun dos rectángulos a súa altura é o dobre da súa base e no outro a súa altura é o triplo da súa base. Determina o punto polo cal debemos cortar o arame para que a suma das áreas dos dous rectángulos sexa mínima.

Solución:

a) Datos, incógnitas e debuxo:



b) Función que hai que maximizar:

$A(x, y) = x \cdot 2x + y \cdot 3y = 2x^2 + 3y^2$

Suxeita ás condicións: $x + y = a \Rightarrow y = a - x$

c) Escríbese a función cunha soa variable:

$A(x) = 2x^2 + 3(a - x)^2$

d) Calcúlanse máximos e mínimos:

$A'(x) = 4x - 6(a - x) = 10x - 6a$

$A'(x) = 0 \Rightarrow 10x - 6a = 0 \Rightarrow x = 3a/5$

e) Compróbase na 2ª derivada:

$A''(x) = 10 > 0\ (+) \Rightarrow$ mínimo relativo.

Hai que cortala polos 3/5.

6. Un taller artesanal está especializado na produción de certo tipo de xoguetes. Os custos de fabricación, C(x), en euros están relacionados co número de xoguetes fabricados, **x**, a través da expresión:

$$C(x) = 10x^2 - 1\,850x + 25\,000$$

O prezo de venda de cada xoguete é de 50 €.

a) Formula a función de ingresos que obtén o taller coa venda dos xoguetes producidos.

b) Formula a función de beneficios, entendidos como diferenza entre ingresos e custos de fabricación.

c) Cantos xoguetes debe fabricar para maximizar beneficios? A canto ascenderán estes beneficios?

Solución:

a) Función ingresos:

$\mathbf{I(x) = 50x}$

b) Función beneficios:

$B(x) = I(x) - C(x) = 50x - (10x^2 - 1\,850x + 25\,000)$

$\mathbf{B(x) = -10x^2 + 1\,900x - 25\,000}$

c) Maximizar os beneficios:

$B'(x) = -20x + 1900$

$B'(x) = 0 \Rightarrow -20x + 1\,900 = 0 \Rightarrow$ **x = 95 xoguetes.**

$B''(x) = -20 < 0\ (-) \Rightarrow$ máximo relativo.

$B(95) = -10 \cdot 95^2 + 1\,900 \cdot 95 - 25\,000 = 65\,250$ €

Os beneficios ascenden a 65 250 €.

7. O consumo dun motor, nun traballo de 6 horas, vén dado pola expresión:

$C(t) = -t^2 + 8t + 20$, sendo **t** o tempo en horas, $0 \le t \le 6$

a) Que momento é o de maior consumo? Canto é o consumo máximo?

b) Canto consome en total o motor nas 6 horas que dura o traballo?

Solución:



a) Máximo consumo:

$C'(t) = -2t + 8$

$C'(x) = 0 \Rightarrow -2t + 8 = 0 \Rightarrow$ **t = 4 horas.**

$C''(t) = -2 < 0\ (-) \Rightarrow$ máximo relativo.

$C(4) = -4^2 + 8 \cdot 4 + 20 = 36$

b) Consumo total:

O consumo total é: $\int_0^6 (-t^2 + 8t + 20)\,dx$

$F(t) = \int (-t^2 + 8t + 20)\,dx = -\frac{t^3}{3} + 4t^2 + 20t$

$F(0) = 0$

$F(6) = 192$

Consumo total = 192

8. Estuda a continuidade da función:

$$f(x) = \frac{x^3 - 5x + 2}{x^2 - 5x + 6}$$

e clasifica as descontinuidades que se atopen. É posible definir de novo a función para evitar algunha descontinuidade?

Solución:

Factorizando o numerador e o denominador obtense:

$$f(x) = \frac{(x-2)(x+1-\sqrt{2})(x+1+\sqrt{2})}{(x-2)(x-3)}$$

É descontinua en x = 2, x = 3.

a) x = 2 é unha descontinuidade evitable; evítase definindo f(x) como a función simplificada.

$$f(x) = \frac{(x-2)(x+1-\sqrt{2})(x+1+\sqrt{2})}{(x-2)(x-3)} = \frac{x^2 + 2x - 1}{x - 3}$$

b) x = 3 é unha descontinuidade de 1ª especie de salto infinito.

9. O número de prazas ocupadas dun aparcadoiro, ao longo das 24 horas dun día, vén expresado pola seguinte función:

$$f(t) = \begin{cases} 1\,680 + 20t & \text{se } 0 \le t < 8 \\ -10t^2 + 260t + 400 & \text{se } 8 \le t < 16 \\ -10t^2 + 360t + 1\,200 & \text{se } 16 \le t < 24 \end{cases}$$

a) A que hora do día presenta o aparcadoiro unha ocupación máxima? Cantos coches hai a esa hora?

b) Entre que horas a ocupación do aparcadoiro é igual ou superior a 2 000 prazas?

Solución:

a) Máximo:

Hai que atopar o máximo absoluto; para isto, atópanse os máximos relativos en cada un dos intervalos e nos extremos dos intervalos.

O primeiro anaco é unha recta, que imos chamar:

$g(t) = 1\,680 + 20t \Rightarrow$ non ten máximos relativos.

g(0) = 1 680

g(8) = 1 840

O segundo anaco é parte dunha parábola; ímolo chamar:

$h(t) = -10t^2 + 260t + 400$

$h'(t) = -20t + 260, h'(t) = 0 \Rightarrow -20t + 260 = 0 \Rightarrow$

t = 13

h(13) = 2 090

$h''(t) = -20 < 0$ (–) $\Rightarrow$ máximo relativo.

h(8) = 1 840

h(16) = 2 000

O terceiro anaco é parte dunha parábola; ímolo chamar:

$i(t) = -10t^2 + 360t + 1\,200$

$i'(t) = -20t + 360, i'(t) = 0 \Rightarrow -20t + 360 = 0 \Rightarrow t = 18$

i(18) = 4 440

$i''(t) = -20 < 0$ (–) $\Rightarrow$ máximo relativo.

i(16) = 4 400

i(24) = 4 080

O máximo absoluto é para t = 18 horas e nese momento hai 4 440 coches.

b) Ocupación superior a 2 000 prazas:

Hai que resolver as inecuacións:

$1\,680 + 20t > 2\,000 \Rightarrow x > 16$, que non serve.

$-10t^2 + 260t + 400 > 2\,000 \Rightarrow 10 < t < 16$

$-10t^2 + 360t + 1\,200 > 2\,000 \Rightarrow 2{,}38 < t < 33{,}62$, só serve: 16 < t < 24

10. A función:

$$f(t) = \frac{t^2 - t + 1}{t^2 + 1}$$

representa a concentración de osíxeno nun estanque contaminado por residuos orgánicos nun tempo **t** (medido en semanas).

a) Atopa os intervalos de crecemento e decrecemento de f(t) para $t \geq 0$, así como os instantes nos que a concentración é máxima e mínima.

b) De forma razoada, e conforme aos datos anteriores, representa graficamente a función para $t \geq 0$, estudando con todo detalle as súas asíntotas.

Solución:

a) Máximos, mínimos e crecemento:

$$f'(t) = \frac{t^2 - 1}{(t^2 + 1)^2}$$

$f'(t) = 0 \Rightarrow t^2 - 1 = 0 \Rightarrow t = 1, t = -1; t = -1$ non serve.

f(1) = 1/2

$$f''(t) = \frac{-2t^3 + 6t}{(t^2 + 1)^3}$$

$f''(1) = 1/2 > 0$ (+) $\Rightarrow$ mínimo relativo.

f(0) = 1

O máximo alcánzao no instante inicial, t = 0, e o mínimo en t = 1.

f'(2) = 3/25

f'(x) – +

x 0 1

Crecente (↗): (1, +∞)

Decrecente: (↘): (0, 1)

b) Asíntotas e gráfica:



Verticais: non ten, porque o denominador nunca se anula.

Horizontais:

$k = \lim_{t \to +\infty} \frac{t^2 - t + 1}{t^2 + 1} = 1$, é cociente dos coeficientes principais.

Asíntota horizontal: k = 1

Oblicuas: non ten, porque o grao do numerador non é un máis ca o do denominador.